



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

[Este ano] vimos
un pouco cobardes
pa que non no reñan
as autoridades.

Era unha comparsa con dous ou tres, os críticos.

Non traemos nada
que chame a atención
que nos desfixeron
a combinación.

Según dicen a gripe,
o tifus e a cascuña
témolos todos eles
metidos xa na rúa.

O primeiro atacado
do tifus e da gripe
foi o reló da torre
que non quixo máis repique.

Pois empezoulle o pobre
polo lado do riñón
que lle desfixo as tripas
igual co almidón.

Coidádevos da indigestión
dos grelos e do lacón
si queredes vivir muito
comede solo xamón.

Pois a gripe non entra
nin eiquí nin na China
pois solo entra nas casas
donde hai moita jambrina.

Tal como os carniceiros
e muitos máis chalás
que ca salú dos pobres
non deixan de xogar.

Coidádevos da indigestión
dos grelos e do lacón
so queredes vivir muito
comede solo xamón.